

## INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS CASTELAO 2015

Santiago, 28 de xuño de 2015.

Galardoados coas Medallas Castelao,  
Autoridades presentes,  
Señoras e señores.

Asistimos hoxe a un acto que xa é <tradicional>. Nacidas no ano de 1984, as Medallas Castelao veñen a engrosar o conxunto de tradicións que dan forma ao noso país, que o reafirman no tempo e serven de referencia á comunidade.

Ninguén entendería que, por ter cumpridos trinta e un anos, estas distincións fosen consideradas obsoletas e suprimidas do noso calendario. É unha tradición que con todo dereito pertence aos galegos que foron premiados nas pasadas edicións, e aos galegos que dende o seu anonimato os admiraron e admiran. É unha tradición que nos axuda a entender mellor o que fomos e o que somos.

Non é casual que ao pai do galeguismo que dá nome a este galardón, lle debamos unha das definicións máis fermosas da tradición. <A tradición é a eternidade>, di Castelao. Por iso os pobos ricos en tradicións teñen máis capacidade para perdurar.

Hai neles unha continuidade que nunca se ve interrompida e aspira a ser eterna. Neses pobos, as diferentes xeracións que se suceden poden sentir a dobre satisfacción de formaren parte dun pasado común, e de anticipar un futuro no que nada está escrito. Esas tradicións que se van enriquecendo pouco a pouco son unha maneira de enfrontarse con éxito ao efémero, ao pasaxeiro, ao superficial.

A antítese do tradicional non é o moderno, senón o fugaz. Compre non esquecer nunha época en que as correntes sociais son vertixinosas e no que o <novo> e o <bo> se asocian automaticamente.

Castelao e todos os que cimentaron o galeguismo foron homes e mulleres do seu tempo, sempre preocupados por non perderen de vista as vangardas creativas do entorno no que vivían. Grazas a eles, Galicia nunca estivo rezagada das grandes correntes que bulían en España, Europa e o mundo.

Porén, esa brillante pléiade de patriotas nunca esqueceu a tradición, nin moito menos pretendeu destruíla. Nese amplo abano de tradicións civís, relixiosas, mitolóxicas ou populares, non viron nunca un atranco a remover senón un punto de apoio no que impulsarse.

Había en todos eles unha humildade que debemos seguir tendo presente. Humildade para aceptar tradicións ancestrais que non foron impostas por ninguén, senón cultivadas polo conxunto do pobo como resposta a inquedanzas, esperanzas e devocións. Non entendelas ou non compartilas, non exime de non respectalas como parte do acervo común. Respetar o que non se entende ou comparte, sempre foi unha das mellores manifestacións do espírito democrático.

Non sería congruente que louvamos aquelas creacións artísticas, literarias ou científicas que teñen protagonistas recoñecibles, mentres que menosprezamos aquelas creacións espirituais que teñen un protagonista colectivo e intemporal.

A etimoloxía da tradición lévanos á idea de <transmitir>, de <entregar>. En cada unha das nosas tradicións está o eco eterno dos nosos devanceiros, que nos falan coa única voz da que son capaces. Serán tamén as tradicións que nós leguemos a única voz nosa que resoe no futuro.

A Galicia de hoxe está erixida sobre institucións que apelan a unha lexitimidade popular e outra tradicional. Gozamos da consideración de nacionalidade <histórica>, e recoñecemos en símbolos que proceden de tradicións.

Posuímos unha nobreza que outorga o tempo e que foi traballada dende que os primeiros galegos tiveron conciencia de ser un pobo que camiña xunto. É o noso un título nobiliario esixente que reclama obxectivos máis e máis ambiciosos cada día.

Naquel 1984 establecéronse os principios dunhas medallas que estaban destinadas a convertérense nunha edificante tradición. Na declaración de principios dicíase que <reflicten un traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia, e no ser dun pobo>.

Hai entrega e fe na traxectoria do profesor Carlos Fernández Nóvoa, referencia internacional no dereito de propiedade industrial. A súa perenne influencia está presente nos seus alumnos, nos seus lectores e nesa cátedra de innovación e propiedade industrial que leva o seu nome.

Entrega e fe son necesarias para ser pioneira nunha especialidade deportiva que semellaba vedada ás mulleres. Entre o seu debut no Xuventú de Aguiño, e gañar a Champions do fútbol feminino, transcorre unha fermosa historia cun nome: Verónica Boquete.

Oxalá que esa multitude de oíntes que escoitan o ¡Hola, hola! de Pepe Domingo Castaño, lembre que é un galego admirado polos galegos. Que nunca se pare esa forza que tantos <radiofans> lle ten valido.

Sobre a Rede Galega contra a Trata hai que dicir que nos redime dunha vergoña colectiva. As organizacións que a compoñen <teñen un soño> que é o de todos: liberarnos desta moderna escravitude.

Unha produtora como Vaca Films é unha fábrica de soños; soños galegos que chegan a un público internacional da man de películas que xa forman parte da historia do cine, como Celda 211 ou El Niño.

Señoras e señores. Galicia e o resto do mundo civilizado asisten con estupor a unha ofensiva do fanatismo contra as tradicións culturais, artísticas e sociais das súas vítimas. Máis alá do horror que sentimos diante desa barbarie, ese holocausto está alertándonos da importancia de preservar ese tesouro da memoria que se agocha en cada tradición.

A tradición fainos libres. A tradición incorpóranos a un pobo con maiúsculas do que non soamente forman parte os coetáneos, senón tamén os nosos devanceiros e os que virán despois de nós. A tradición fainos tolerantes, e limita a tentación de pensar que antes non houbo nada apreciable.

Por iso este acto adquire unha nova importancia. Celebramos un acto tradicional para louvar a innovación, a creación, a fe no futuro. Garantimos que Galicia estea na eternidade. Grazas.

SAÚDOS,  
COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA